

“Ledicia cativa”

Mercedes e José Manuel son os fundadores da asociación de Ourense "Lediciacativa", que acolleu en Galicia, durante os últimos 10 anos, a máis de 400 nenos rusos afectados polo accidente da central nuclear de Chernobyl en 1986.

11-10-2009

José Manuel Borrajo e a súa esposa Mercedes Gil viven en Ourense, Galicia, e un bo día de 1997, grazas a un recorte de prensa, tiveron coñecemento dun programa de

acollida temporal de nenos rusos en proceso de recuperación de saúde. O proxecto interesoulles vivamente e pouco despois fundaron unha ong chamada "Leticia cativa", ("Pequena alegría"). É un programa humanitario auspiciado por varios organismos das Nacións Unidas.

Grazas a esa ong pasaron por Galicia máis de 400 mozos de varias rexións de Rusia afectadas pola radiación de Chernobyl. Proceden de orfanatos, casas de acollida e familias de diversos estamentos sociais. As idades varían entre os 6 e os 17 anos. En opinión de varios institutos epidemiolóxicos rusos, por cada verán que pasan en Galicia gañan dous anos máis de esperanza de vida.

José Manuel -que traballa nunha Caixa de Aforros- nunca pensara en fundar isto: "nin crear primeiro a Asociación -conta- e logo a Federación de Asociacións *Nenos do*

Mundo". Realizaron tamén un convenio de cooperación internacional cunha organización benéfica que exerce de contraparte en Rusia. "¡ Nin en sonos -declara- me sentiría capaz de facer unha cousa así! Pero o Señor axudounos en cada dificultade". Tanto Mercedes como José Manuel coinciden en que o motor íntimo da súa actividade está no seu compromiso cristián. Son supernumerarios do Opus Dei e isto -declara Mercedes- lévanos a ser especialmente sensibles ante os problemas dos demais".

A tarefa de José Manuel e Mercedes é bastante complexa: primeiro deben informar ás familias galegas que se sensibilizan con este drama humano; a continuación organizan o programa de acollida de cada verán, que esixe un laborioso traballo de documentación. Ese programa lévaos a ocuparse de solucionar calquera

incidencia durante a acollida no verán, xa cos nenos en Galicia.

"É laborioso e ao mesmo tempo moi ilusionante -di Mercedes- porque significa rescatar a saúde e a dignidade dun pequenín. Emociona ver o cariño das familias que o acollen. Porque ás veces enrocamos o noso corazón, por medo ao sufrimento, sen darnos conta que ao facelo nos illamos e nos empobrecemos como compareces".

"Este empeño -di José Manuel- permítenos ser útiles aos demais, en especial a uns nenos que son vítimas inocentes dunha sociedade cuns valores sociais e morais onde impera a simple supervivencia".

"As familias -continúa Mercedes- recibimos a cambio unhas ensinanzas moi valiosas. Dámonos conta de todo o que temos e comprendemos con maior profundidade que o camiño da

felicidade é o amor e a entrega aos demais. Ademais estes nenos beneficianse de todo o bo que temos nas nosas familias en todos os aspectos. Por exemplo, aprecian moito os valores de raíz cristiá que se viven en tantas familias galegas".

pdf | document generated
automatically from [https://opusdei.org/
gl-es/article/ledicia-cativa/](https://opusdei.org/gl-es/article/ledicia-cativa/) (22-02-2026)